

ACTA DO CONSELLO ORDINARIO DO DEPARTAMENTO DE COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL E PUBLICIDADE (X14) CELEBRADA O DÍA 26 DE XANEIRO DE 2022

Asistentes: Alberto Dafonte Gómez, Alberto Pena Rodríguez, Ana María Amorós Pons, Beatriz Legerén Lago, Carmen Máiz Bar, Diana Ramahi Garcia, Iván Puentes Rivera, Javier Abuín Penas, Jorge Lens Leiva, Jose Ruas Araújo, José Octavio Rodríguez Nieto, Juan Manuel Corbacho Valencia, Julinda Molares Cardoso, Luís Xabier Martínez Rolán, María Isabel Míguez González, María Luz Álvarez Rodríguez, Mónica Valderrama Santomé, Oswaldo García Crespo, Paulino Emilio Pérez Feijoo, Román Pereiro, Sergio Frade Fraga (con voz e sen voto), Silvia García Mirón, Vicente Badenes Plá, Xosé Manuel Baamonde Silva.

Desculpan asistencia: Ana Iglesias e Isabel Moreira.

A xuntanza do Consello dá comezo ás 9:00 horas (segunda convocatoria) na Sala de Xuntas 2 da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación do Campus Remoto da Universidade de Vigo, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

- 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 15 de decembro de 2021
- 2.- Informe do director.
- 3.- Aprobación, se procede, da modificación de POD do curso 2021-22
- 4.- Aprobación, se procede, de asuntos de profesorado
- 5.- Rogos e preguntas.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 15 de decembro de 2021

A profesora Carmen López de Aguieta Clemente solicita rectificación na acta, xa que estivo presente no consello e non consta na lista.

O profesor Alberto Dafonte solicita que se emende un erro en rogos e preguntas xa que o non foi el o que interveu senón Alberto Pena.

Emendados os erros. Apróbase por asentimento.

2.- Informe do director.

- O director comeza solicitando desculpas por o adiamento da convocatoria de última hora da mañá a primeira hora. A présa débese a necesidade de presentar o interese da universidade de Vigo no **Máster interuniversitario en comportamento do consumidor & experiencia de cliente**. Que pasará a explicar máis en detalle o vicedecano de calidade.

- Cedida a palabra, ao vicedecano de calidade informa do interese mostrado, por 17 profesores do Departamento, para impartir clase nunha das titulacións postas en marcha polo sistema universitario galego e deseñadas no marco do estudo Galicia 2030: perfís profesionais de futuro e novas titulacións e especialidades universitarias. Impulsado pola Xunta e a FEUGA (Fundación Empresa- Universidade Galega). Entre as que se atopa o **Máster interuniversitario en comportamento do consumidor & experiencia de cliente**, título en cuxo deseño e desenvolvemento están involucradas todas as universidades galegas: UVigo, USC e UDC.
 - A Universidade de Vigo participa a través dos Departamentos de Márketing e Comunicación.
 - A USC participa cos Departamentos de Psicoloxía, Empresa e Márketing.
 - UDC participa cos Departamentos de Empresa e Márketing.
- Informa da saída a concurso de 4 prazas de contratado doutor e 2 de titular. A Universidade anunciou a Oferta Pública de Emprego que vai solicitar este ano e que afecta a 6 profesores do Departamento. A falta de confirmar por parte dos órganos competentes das datas exactas, o director solicita facilitar o proceso de constitución dos tribunais xa que son moitas prazas.
- Infórmase que o Foro da Comunicación celebrarase o 11 de febreiro de xeito mixto (presencial e online), na universidade de Málaga e que só un docente do Departamento solicitou asistir.
- O director recorda o e-mail enviado aos docentes do Grao de Publicidade e Relacións Públicas, polo seu coordinador, onde solicita a ficha de planificación docente das materias para o segundo cuatrimestre.

3. Aprobación, se procede, da modificación de POD do curso 2021-22

De cara o segundo cuatrimestre e por mor da baixa da profesora Isabel Martínez e a invitación dun docente para a materia Expresión Sonora, e preciso facer cambios no POD.

Expresión Sonora (CAV):

- Xabier Rolán (30 horas) y coordinador da materia
- Gonzalo Pedrido (75 horas) Invitado.

Para asumir estas 30 horas, Xabier Rolán que tiña 8 horas de folgura, deixa 13 horas da materia, Seminarios Profesionalizantes (PPRR) e asume 10 horas por encima da súa docencia.

As 13 horas de Seminarios Profesionalizantes asúmeas o profesor Alberto Dafonte que tiña unha folgura de 8 horas e agora quedará con 5 horas por encima.

A materia Producción Publicitaria en Medios Audiovisuais (PPRR):

- Isabel Martínez (90hrs) - baixa laboral
- Luis Emilio Fernández Santiago (50 h)
- Talía Rodríguez (60 h)

A profesora Isabel Martínez, coordinadora da materia, prevé a súa reincorporación para mediados de febreiro, por este motivo, e tendo en conta que os contidos da materia están coordinados entre os 3

docentes e que a docente Talía Rodríguez ten 1 hora de folgora, impartirá esta hora a maiores á espera da incorporación da coordinadora da súa baixa.

Sometido o asunto a votación, apróbase por asentimento.

4. Aprobación, se procede, de asuntos de profesorado

Amosase o CV do profesor invitado.

Sometido o asunto a votación, apróbase por asentimento.

5. Rogos e Preguntas

- O profesor Alberto Pena pregunta si a docencia do segundo cuadrimestre vai a seguir sendo presencial ou non. Se contesta que non existe información de cambios ao respecto.
- O profesor Alberto Dafonte pregunta cando esta previsto o próximo consello para aprobar os tribunais das prazas. O director responde que dependemos das datas que fixe a universidade e que a persoa que leva os temas das prazas está fora ata a próxima semana. Cando se incorpore xa se enviará información detallada dos procesos e as normas para a configuración dos tribunais.
- O profesor Xabier Rolan (aínda que presente online) chama a secretaria o móbil para informar que si non se cambian os horarios non vai a poder facerse cargo das horas de teoría da materia "Expresión Sonora" por cuestión de incompatibilidade horaria.
- O profesor Alberto Pena, informa da conferencia que o día 10 de febreiro as 16:30 impartirá a Profesora Marialva Barbosa.

Non hai intervencións.

Non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión sendo as 10:00 horas do mesmo día.

Pontevedra, 26 de xaneiro de 2022

O PRESIDENTE,

José Rúas Araujo



A SECRETARIA,

Beatriz Legerén Lago